

Hoxe inaugúrase en Poio o primeiro congreso de escritores en lingua galega

Hoxe, día un de maio, escomenza en Poio o «Primeiro Congreso de Escritores en Lingua Galega». Congreso do que se ten falado xa dambondo, do que se teñen dito moitas cousas, que está a resultar polémico, e ao que semella, proveitoso. Alfonso Peregrino, como segredario da Asociación de Escritores Galegos, ven sendo o voceiro da organización. Con el imos falar dos últimos pasos que se están a dar cara ao feito, despois dunha chea de atrancos.

—O importante é que vai haber máis de cien escritores, que imos discutir cousas relativas a literatura e ao escrito en Galicia, a sua proble-

AUTOAFIRMACION DA CULTURA

—Cál é o obxectivo global mais salientable do Congreso?

—O mais salientable e a autoafirmación da cultura galega. Da cultura de Galicia como propia e non sucedáneo de ningunha outra. Sería de desexar que este Congreso significase non soio un anovamento da cultura galega, un anovamento de actitudes de creación e personais, senón tamén o remate dos caciquismos culturais.

A Asociación tenta de axuntar a todos os escritores en lingua galega, e o que se automarxina e polo seu propio desexo, non porque a Asociación marxine a ninguén. O Congreso, tampouco marxina a ninguén, xa que non e perciso ser membro da Asociación para asistir a él. O remate da actuación de sectores concretos que manipulan certas áreas culturais ten de chegar polo ben da creatividade en si mesma, pois a creación é algo que reborda aos caciquismos. Se ficamos aí e na mediocridade, os resultados van ser sempre negativos literariamente. O Congreso pode ser un chimo de xigante diante de todo isto.

—Vai ser o Congreso o ca-

mática. Outras das cousas importantes son os contactos que a Asociación está a facer coas árees lusobrasileiras, cos escritores portugueses, co «Pen-Clube» portugués, co Ministerio de Cultura de Cabo Verde, con todo a cal Galicia escomenza a aparecer por ahí adiante cunha personalidade cultural propia dentro dunhas culturas da mesma área lingüística. Tamén son importantes os contactos cos cataláns que van vir ao congreso. Penso que a xente se atopa con afouteza dabondo. O congreso vaise realizar, e coido que un dos feitos más sobranceiros que se teñen feito na historia de Galicia. Por outra banda está xa confirmada a asistencia de Scorza.

talizador da realidade da Asociación de Escritores Galegos?

—Eu penso que a Asociación de Escritores non debería xamais mirarse no espello do Congreso en tanto que saia ben ou mal. A Asociación é unha cousa e o Congreso outra; ámbolos dous temas debense separar, son cousas desemellantes. Se o Congreso saira mal, cousa imposible a non ser que todos os cantes vaian tentaran que así foran, a Asociación seguiría sendo un feito importante cara as reivindicacións do escritor respecto da lingua, cara ao exterior e outras cousas más. A Asociación seguiría (eu non creo no esfalaramento dela), se o Congreso saira mal. O Congreso axunta algo mais amplio que os lerios da Asociación. O que si se pode criticar, é eu fagoo en certa maneria, a raposeirla maldita do galego que chegou aos ámetos intelectuais. Neste país can-do se pon unha cousa a marchar son moi poucos os que apoian e hai unha porcentaxe outa que se mantén a expectativa coa raposeiría de dizer que daí non vai sair nada. E por outra banda, agardando a ver se pasa algo bóbico; se acontece, metense, e se non din que era cousa de catro amigos. Así non se poden facer

as cousas. A Asociación monta o Congreso ate o día dous de maio; logo xa e cousa dos congresistas que estaremos alí.

—¿Cómo foi a resposta dos escritores galegos diante da convocatoria feita pola Asociación?

—A resposta foi caseque masiva. Por unha banda, se podemos criticar a pasividade nos comenzaos, ao tempo podemos loubar a resposta positiva do remate, e agora eu faría un chamarro no sentido de que cuando algo agrome, participe a meirande parte de xente desde o principio, para que estas cousas non acontezan outravolta, e non somente cando todo está feito.

PROBLEMA DE CREACION

Falache denantes das xentes que ian vir doutras culturas e hai unha certa sorpresa por non ter convidado a escritores casteláns para que tomen conciencia da realidade cultural de Galicia. ¿Por qué esta actitude?

—Nas poucas xuntas que houberon da xunta directiva non se plantexou este tema de que viñeran os casteláns. Eu personalmente, sen representar a ninguén, quero pensar que os casteláns, e isto é unha magoa, non entenden a nosa problemática; se cadra, convidándoo pode-

I CONGRESO DE ESCRITORES
en LINGUA GALEGA

23.4. MAIO. 1981. MOSTEIRO de POIO.

rian chegar a entendela, tamén e certo. O caso é que eles non entenden que Galicia ou Cataluña teñan unha cultura propia porque domiñaron culturalmente a área da península, e os nosos problemas íntimos escorreganles un pouco xa que consideran as nosas culturas coma un sucedáneo, sen darlle moita importancia. Hai que ter en conta, amais, que no Congreso temos moi pouco espacio e moi pouco tempo. Son tres días moi apertados para atender os nosos problemas e non está feito cara ao exterior.

—Cáles son as posibilidades e os atrancos do escritor que tenciona ser profesional hoxe en Galicia?

—Primeiro existe un proble-

ma de creación. Penso que o escrito se debe adicar únicamente a creación. Despois, eliminar unha chea de pantasmas vixentes hasta agora no sentido de consideraren ao escritor un pouco sociólogo, un pouco moralista; iso é fastidiado. Despois atopámonos con problemas de subsistencia, problemas de mercado, o libro galego non se vende o suficiente, para vivir de lo, e arrousamos problemas de raquitismo mental grandes dabondo, xa vai sendo hora de escrutar a decilo. Galicia foi sempre un país culturalmente pechado. O escritor galego sempre leu pouco o que se facía fora, circunscribindose as suas circunstancias e negándose a abrir camiños.